

## 14 medallas para a D.O. Ribeira Sacra no Mundial des Vins Extremes

O concurso internacional que organiza o **Cervim** celebrouse o 29 e 30 de setembro no **Val de Aosta, Italia**. A esta 30ª edición do Mundial des Vins Extrêmes, o único concurso enolóxico internacional dedicado expresamente aos viños producidos por viticultura heroica, presentáronse 831 os viños de 301 adegas de 24 países de todo mundo.

A D.O. Ribeira Sacra presentaba 61 mostras de 32 adegas e obtén 14 medallas, 8 de ouro e 6 de prata.

### Medallas de ouro

- **Ibio 2019** de Don Bernardino (Sober)
- **Don Cosme 2020** de EDV SLU (Quiroga)
- **Finca Cuarta Ladeira 2021** de Rubén Moure Fernández (Sober)
- **Finca Cuarta A Costa 2019** de Rubén Moure Fernández (Sober)
- **Ciudáseis 2021** de María Gloria Alvarín Losada (Monforte de Lemos)
- **CastroFiz Tradición 2020** de José Luis Fernández Pedreira (Chantada)
- **Instinto Romano 2021** de Miguel Pavón Reinoso (Taboada)
- **Bancales Olvidados 2019** de Adegas Ponte da Boga S.L. (Castro Caldelas)

### Medallas de Prata

- **Rectoral de Amandi 2021** de Bodegas Rectoral de Amandi SAU (Sober)
- **Condado de Sequeiras 2021** de Grupo Peago (Chantada)
- **Rosa do Frade 2021** de Adegas Vella Xeracións (A Teixeira)
- **Prómine Singular 2021** de Adegas Petrón (Sober)
- **Finca Cuarta Mencía 2021** de Rubén Moure Fernández (Sober)
- **Inseparables 2021** de EDV SLU (Quiroga)

O **Mundial des Vins Extrêmes** é o concurso enolóxico máis importante, reservado aos viños producidos en rexións de montaña ou procedentes de cultivos extremos: altitude superior a 500 metros, pendente do terreo superior ao 30% (en zonas da D.O. Ribeira Sacra chégase ao 80%) ou sistemas vitícolas de cultivo en socacos.



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 10 de outubro 2022

A D.O. Ribeira Sacra é referente mundial do que se denomina viticultura heroica, denominación á que se chega por unhas condicións orográficas que non permiten a mecanización, viñedos de pequeno tamaño habitualmente organizados en socialcos; condicións climáticas adversas ou/e porque o viñedo atópase en zonas xeográficas con paisaxes de elevada beleza e con carácter turístico.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)